

BOLETÍN DIXITAL Nº 1 CURSO 2007/2008 Marzo _ Abril 2008

Que pracer ler!

Durante os meses de febreiro e marzo todos os nenos e nenas de infantil e primaria fixeron estupendas exposicións, lecturas e dramatizacións de libros que leran en clase. Foi unha maneira para que cada clase mostrase ao resto do colexio as súas experiencias e o mesmo tempo espertar neles as gañas por afondar no mundo dos libros. Salientar o excelente traballo e creatividade das titoras e alumnos/as



Neste curso 2007/2008 comezamos unha nova experiencia europea: a participación no Programa de Aprendizaxe Permanente - Proxecto Comenius -. Somos o centro coordinador e estamos traballando con centro de Reino Unido e de Alemaña. O tema para este primeiro ano é "A nosa identidade". Unha das actividades programadas era traballar sobre as lendas do noso entorno. A lenda elixida foi "A pena do encanto". Como sempre, todos os cursos se implicaron activamente e fixeron traballos moi interesantes:



- Infantil fixo debuxos sobre a lenda
- 1º ciclo de primaria escribiu o conto
- 2º ciclo de primaria fixo unha dramatización
- 5º de primaria fixo un cómic da lenda
- 6º de primaria fixo un traballo de investigación sobre as lendas.



Ademais, contamos coa visita de Xosé M^a Felpeto, Chema, mestre que actualmente imparte clases no IES Basanta Silva de Vilalba e persoa moi coñecedora e preocupada pola recuperación e divulgación das lendas e contos da Terra Cha



O Colexio Monseivane acolleu un obradoiro dedicado á Creación Literaria

O encargado de impartilo foi o escritor e xornalista Carlos Vázquez



Precisamente na semana dedicada ao libro, no colexio público Monseivane (Moreda, Lanzós, Vilalba) un grupo de dezasete alumnos participaron no Obradoiro de Creación Literaria que organiza a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e financia a Dirección Xeral de Xuventude, que depende da Consellería da Vicepresidencia. O encargado de impartir este taller literario, que principiou o día 21 de abril e remata o 25 do mesmo mes, foi o escritor, poeta e xornalista por oficio, Carlos Vázquez.

A traxectoria de Vázquez (membro da AELG e natural de Láncara anque vive en Lugo), está vencellada ao mundo das letras dende que do seu maxín comezaron a saír os primeiros versos. A finais da década dos noventa realizou unha xira a través da Galería Sargadelos por distintas capitais galegas a fin de recitar os seus poemas, a meirande parte deles aínda inéditos, anque outros foron radiados en distintas emisoras locais e algunha nacional – como no programa *Hoy por Hoy* da Cadena SER que entón dirixía o mítico xornalista Iñaki Gabilondo–; tamén varios deles apareceron publicados en revistas como Xistral. Posteriormente, Vázquez publicou o seu primeiro libro: “**Unha de romanos**”, unha obra narrativa escrita en tan só unha fin de semana e onde se fabula co pasado da Muralla de Lugo, contada a través da visión dun avó que quere entreter e ensinar ao seu neto. Trátase dunha obra entretida e sobretudo didáctica, como recoñece o propio autor.

Vázquez é autor dun bo número de relatos, algúns deles publicados en revistas e xornais, e acaba de rematar unha novela longa e inédita chamada “**Os soños rachados**”, onde se narran distintas situacións, presentes e pretéritas que atravesan polo medio e medio da vida dos personaxes aquí recollidos. O tema principal é o maltrato ás mulleres, especialmente no rural, anque tamén se recolle os efectos da Guerra Civil española. Trátase, sen dúbida, como salienta o propio autor, dunha novela moi comprometida cos problemas que atinxen á sociedade. Anque esta non é a única que ten escrita, o autor tenlle especial consideración e agarda vela publicada en moi breve curto espazo de tempo.

Sen embargo, onde podemos atopar o maior labor creativo de Carlos Vázquez é nos medios de comunicación nos que colabora e traballa dende hai unha década. Primeiro escribiu no diario **El Progreso** anque a súa maior experiencia está vencellada a **La Voz de Galicia**, diario para o que traballou nos últimos anos. Ademais, de prensa escrita, Carlos Vázquez tamén colaborou nos últimos tempos con distintas emisoras de radio como a Cope, despois a **Cadena Ser**, anque onde traballou realmente como tal foi en **Radio Voz**, emisora pertencente á Corporación La Voz de Galicia.



PARA O PRÓXIMO NÚMERO

- Excursión de fin de curso para 5º e 6º de primaria a Mallorca. Irémonos do 19 ao 22 de maio; visitaremos as covas do Drach, a cidade de Palma, Manacor,...
- Recopilación e exposición de traballos feitos polas distintas clases utilizando as TIC.
- Outras novas
- Búsqueda dun logotipo para este boletín

- Visita de mestres e mestras deste colexio a unha escola alemana. Imos do día 02 ao 07 de maio. Susana, Marina, Ana, Javier e Tena representaremos este colexio. 5 mestres de Reino Unido tamén se desprazan nesas datas ao centro de Gera, en Alemaña



- Participación en videoconferencias: unha co colexio en Alemaña e outra cun parque en Tenerife para coñecer como viven e se adestran os golfiños
- Visita ao diario "El Progreso"